

	Autorización para o uso das imaxes do alumnado	
	CPR NEBRIJA TORRE DE HÉRCULES	

NEBRIJA TORRE DE HÉRCULES, S.L., titular de CPR NEBRIJA TORRE DE HÉRCULES, con enderezo para estes efectos en Praza Ángel Ron Fraga (Médico), 9 (Transversal a r/ Calvo Sotelo) (15004) A Coruña e con CIF núm. B70218474, leva a cabo, no seo da súa propia actividade académica, actividades lectivas, complementarias e extraescolares organizadas polo propio CPR NEBRIJA TORRE DE HÉRCULES. No marco de tales actividades tómanse habitualmente imaxes e/ou realízanse filmacións nas que aparecen, individualmente ou en grupo, tanto profesores/as como alumnos/as que participan nas actividades mencionadas. Estas imaxes poden tomarse, durante as diferentes secuencias e actividades realizadas no marco educativo do Centro, e/ou fóra do mesmo en distintos eventos, nos que o alumnado participe (festa de Nadal, cerimonia de entrega de diplomas, festa fin de curso, excursións, intercambios, competicións deportivas, obradoiros, conferencias, etc.)

Dado que o dereito á propia imaxe está recoñecido no artigo 18.1 da Constitución Española e está regulado na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, a dirección de CPR NEBRIJA TORRE DE HÉRCULES, conforme ao sinalado na normativa de protección de datos, pide o consentimento dos/as alumnos/as para poder publicar fotografías e/ou gravacións nas que poidan aparecer e sexan claramente identificables.

D./Dna. **[nome do/a alumno/a]**.....

DNI: **[DNI do/a alumno/a]**.....

AUTORIZO:

A que a miña imaxe/voz, (como consecuencia da miña participación na actividade académica propia do Centro, nas actividades complementarias e extraescolares organizadas polo Centro, no marco educativo do Centro, e/ou fóra do mesmo en competicións ou encontros nos que participe, tanto de modo presencial como a través de calquera plataforma online), apareza en fotografías e/ou gravacións realizadas e/ou editadas polo Centro ou por terceiros, sempre que non afecten ou menoscaben a miña honra, a vida privada ou intimidade persoal ou familiar e a propia imaxe, e a que NEBRIJA TORRE DE HÉRCULES, S.L.:

- Poida difundilas con fins de uso ou recordo exclusivo entre pais/nais, compañeiros/as e persoal docente do CPR NEBRIJA TORRE DE HÉRCULES, a través do correo electrónico, DVD, lapis USB, anuario e/ou canles parecidas online, así como en canles de comunicación corporativa de ámbito interno de CPR NEBRIJA TORRE DE HÉRCULES, incluíndo a intranet, proxeccións en eventos internos do Centro educativo, comunicacións a través do email corporativo, eventos en streaming e sistemas para compartir internamente documentos como Drive ou páxinas privadas e seguras do Centro, onde os contidos queden só dispoñibles baixo acceso restrinxido de alumnado/proxenitores/titores-as / profesorado.

En tales casos, CPR NEBRIJA TORRE DE HÉRCULES advertirá de que as imaxes/vídeos son de exclusivo uso persoal e doméstico e que a divulgación ou comunicación pública dos mesmos de forma aberta require do consentimento dos/as afectados/as.

	Autorización para o uso das imaxes do alumnado	
	CPR NEBRIJA TORRE DE HÉRCULES	

- Poida difundilas en canles externas ao CPR NEBRIJA TORRE DE HÉRCULES, sendo posible a súa difusión por medios propios ou de terceiros e a través de tecnoloxías relacionadas con teléfonos móbiles e Internet. En concreto, as canles serán as seguintes: (I) páxina web e blogs do Centro educativo; (II) revista escolar, newsletter ou boletín dixital; (III) contas do Centro educativo en plataformas de mensaxería instantánea como Whatsapp, Facebook Messenger ou Telegram, entre outras; (IV) perfís do Centro educativo en redes sociais, como LinkedIn, Facebook, Twitter, e Instagram; (V) perfís do Centro educativo en portais de subida e visualización de vídeos, en concreto, Youtube e Vimeo; (VI) plataformas de comunicación colaborativa e de traballo en equipo como Trello, Microsoft Planner, Microsoft Teams; ou en plataformas de novos desenvolvedores web como Google Sites, Wordpress, Wix ou Joomla; (VII) prensa, revistas ou publicacións relativas ao ámbito educativo, carteis, folletos e flyers promocionais do Centro educativo.

ENTENDO e ESTOU DE ACORDO en que non existirá beneficio ou remuneración algunha pola autorización concedida ao CPR NEBRIJA TORRE DE HÉRCULES no marco do presente documento.

Así mesmo, son consciente de que as canles antes mencionadas incorporan unha política de privacidade da que se deriva ou pode derivarse a existencia de transferencias internacionais de datos.

.....
Nome e apelidos do/a alumno/a

.....
Sinatura do/a alumno/a

En, a de de 202__

Información básica sobre protección de datos.

Conforme ao novo **REGULAMENTO (UE) 2016/679 Xeral de Protección de Datos – (RGPD)** facilitámoslle a información indicada a continuación: **Responsable:** NEBRIJA TORRE DE HÉRCULES, S.L.; **Finalidade:** as sinaladas neste documento de autorización; **Legitimación:** consentimento expreso do/a interesado/a ou representantes legais; **Destinatarios:** no caso de que prestase voluntariamente a súa autorización nos termos descritos e para as finalidades indicadas, os datos persoais serán comunicados a través dos medios indicados no presente documento de autorización. Fóra dos devanditos supostos non se cederán datos a terceiros, salvo obriga legal ou previa autorización dos/as afectados/as; **Dereitos:** revogar o seu consentimento, acceder e rectificar os seus datos e demais dereitos, como se explica na información adicional; **Información adicional:** Pode consultar información adicional e polo miúdo sobre Protección de Datos na nosa páxina web www.cprnebrija.es